



“Tío Xan, usted que ten-he  
que ten a filla moi flaca?  
Ou morreulle alghunha besta  
ou morreulle alghunha vaca?”

Lalalaralalala

“Nin me morreu besta vella  
nin tampouco ningún can.  
Teño a filliña preñada  
dun mociño pelandrán.”

Ó ghlorioso San Ramón, lévano na procesión.  
Lévano catro ferreiros con polainas e calzón,  
con faroles encendidos, encendidos, apaghados,  
encendidos e apaghados e todos escaghallados.

Rapaces e vellos, mociños e todo,  
vide ver o dote que me dou meu soghro:  
Unha manta vella e un pote furado  
e un perico trencó e un porco sin rabo.

Na casa do tío Xoán  
voulle a decilo que pasou,  
na casa da Repioca  
o que ten boa mazaroca.  
No ripiupiu, no ripiupau  
e o que sempre desafía  
na pesisa da menina.  
E o tío Mateu e ten un can  
que é la mar de lacazán:  
marcha can de aí,  
marcha can de aló!  
(imita o ouveo dun can).